

**ALLARIZ 2020**

Con cargo ao orzamento aprobado polo Concello para este exercicio, está en marcha a execución do Plan Allariz 2020, que inclúe un importante número de actuacións nas diferentes parroquias do Concello.

Estas inversións afectan á **mellora de estradas municipais** con asfaltado en A Cal, Alto de Taboadela, Turzás, Coira, Penamá, Enfestela, Coedo, Roimelo, Requeixo de Valverde, Queiroás da Igrexa, Rial de San Mamede e a circunvalación de Allariz.

Asimesmo, **pavimentaranse rúas nos pobos** de Roimelo, Requeixo de Valverde, Portela de Airavella, Rodicio, As Quintas e Coedo entre outros.

As actuacións de **recuperación do patrimonio etnográfico**, inclúen obras nos fornos de A Cal e Seoane, de lavadoiros e fontes en Paciños, Magarelos e As Quintas, de actuación de espazos e camiños en San Vitoiro, Paciños e Valverde.

Tamén en equipamentos e instalacións, están en marcha as obras de construción de **pistas de tenis e vestiarios na Cidade Deportiva** do Seixo e no **Clube de Piragüismo, aparcamento público** e reordenación viaria na rúa Alarico, **parque infantil e zona verde** diante da **Casa da Mocidade**. Tamén se puxo en marcha a **rede de televisión por cabo dixital** no casco histórico e a adquisición de programas para a **implantación da administración electrónica** no concello.

Por último, o Concello está procedendo a **campanha anual de prevención de incendios e limpeza de camiños**.

**INDITEX ABRE EN ALLARIZ A SÚA SEGUNDA TENDA**



O pasado 15 de xullo abriu as súas portas **TEMPE**. Esta empresa, do grupo **INDITEX**, deseña, fabrica e distribúe o calzado e os complementos do importante grupo textil galego. É a primeira tenda que o grupo abre co nome de Tempe, e que comercializa directamente produtos das marcas ZARA, STRADIVARIUS, BERSKA, PULL AND BEAR, OYSHO e UTERQUE.

A tenda está situada fronte ó establecemento de Massimo Dutti, formando parte da **rede de outlets que o Concello de Allariz ten impulsado para revitaliza-lo comercio e incrementar o número de visitantes**.

Está integrada dentro do proxecto "for&from" de INDITEX, de **integración laboral de persoas con discapacidade**, que como na tenda de Massimo Dutti, está xestionada por COGAMI, Confederación Galega de Persoas con Discapacidade. A tenda da traballo directo a 5 persoas, das que catro son integrantes de Puzzle, asociación local que integra a persoas con diferentes discapacidades.



Recuperación de Fornos (A Cal)



Recuperación de Lavadoiros (Paciños)



Recuperación de camiños e accesos (San Vitoiro)

**AXENDA DE SETEMBRO**

Como ben sendo xa tradición, o calendario de actividades, programadas polo Concello, esténdese ata finais do mes de setembro, co obxecto de contribuir a alongar a tempada alta, ao mesmo tempo que se promocionan importantes recursos locais.

Os días 4 e 5 de setembro, celebrarase a decimoquinta edición da **Feira do Doce, Amendoado e Melindre de Allariz**, que como en anos anteriores, permitirá promocionar a nosa repostería e licores artesáns, ao mesmo tempo que se coñocen outras importantes mostras de repostería.

O domingo, día 12, abrirá ao público a **Feira de Artesanía, Arte de Man**, no que máis de 25 artesáns alaricanos e do resto de Galiza, ofrecerán os seus produtos, ao mesmo tempo que se poderá gozar de demostracións en vivo de diferentes técnicas.

O **Festival Reperkusion**, organizado por Fankani Producións, celebrarase a terceira fin de semana, acollendo obradoiros, mercado e actuacións dentro da proposta multicultural do Festival.



**O FESTIVAL INTERNACIONAL DE XARDÍNS, UN PROXECTO DE FUTURO PARA ALLARIZ**

Con moito entusiasmo traballamos na consecución do Festival Internacional de Xardíns para Allariz.

Esta **iniciativa, singular en Galiza e no estado español** pretende ofrecer a todos os veciños e veciñas a posibilidade de gozar dun novo espazo recuperado para uso público, na marxe dereita do río Arnoia. Coa súa realización damos un paso moi importante na consecución do **Corredor Temático do Río Arnoia** que fai do noso río un elemento de identidade, de ocio, de goce da natureza e tamén de dinamización económica.

**Estamos a falar dun proxecto que é moito máis que un fermoso parque.**

A realización anual do Festival Internacional de Xardíns de Allariz contribuirá, sen dúbida, de xeito moi relevante, a reforzar a capacidade de atracción de Allariz e a revalorizar a beleza dos espazos que Allariz ofrece para goce de veciños, veciñas e visitantes.

Arte e natureza daranse a man cada ano no Festival de Xardíns para facer un espazo único propicio para a contemplación, a imaxinación, a harmonía.



Aspiramos a integrar esta iniciativa na **rede europea de festivais de xardíns** e facer de **Allariz un lugar de referencia na xardinería, no paisaxismo e na creación artística**.

As experiencias que se desenvolven no Festival Internacional de Xardíns de Ponte de Lima, na rexión do Val do Lima en Portugal; o Festival de Gärten, na rexión de Kamptal en Austria e o Festival de Chaumont, organizado polo Conservatorio Internacional de Parques e Xardíns e de Paisaxes na rexión de Chaumont sur Loire, en Francia, servirannos de exemplo e estímulo para conquistar os efectos positivos que, os Festivais de Xardíns da rede europea, provocan nos seus territorios. Especificamente traballaremos con Ponte de Lima de xeito coordinado na potenciación dos festivais respectivos.

Confiamos en que esta nova proposta teña, tamén, un **efecto multiplicador na dinamización económica** do noso Concello tanto pola xeración de emprego directo como pola actividade comercial xerada polos miles de visitantes recibidos cada ano.

FOTOGRAFÍAS: CONCELLO DE ALLARIZ, JUAN MARCET, MARCOS ATRIO

Os oito xardíns efémeros que este ano compoñen a 1ª edición do festival foron deseñados polo gabinete de arquitectura paisaxista dirixido polos prestixiosos profesores Francisco Caldeira Cabral e Elsa Severino. A beleza dos deseños vai acompañada de propostas orixinais que provocarán sorpresa e admiración facendo difícil a escolla mediante votación do xardín máis valorado.



Para o vindeiro ano xa está en marcha o concurso que terá como tema: "A moda no xardín" e no que os arquitectos paisaxistas, gabinetes de arquitectura, universidades, escolas profesionais, artistas plásticos, empresas de xardinería, deseñadores, etc, poderán presentar as súas propias propostas ata o 15 de novembro de 2010.

Allariz será, así, un magnífico escaparate para a creatividade, para as diversas concepcións da xardinería, para todos os que aman a xardinería, a paisaxe e o medio ambiente.



A Reserva da Biosfera da Área de Allariz contará cun magnífico elemento para a sensibilización no respecto á paisaxe e a preservación do medio ambiente.

Agradecemos as colaboracións recibidas para que o Festival Internacional de Xardíns de Allariz sexa unha realidade: aos técnicos da Oficina Municipal de Urbanismo e os traballadores municipais, ás empresas participantes na obra, ao Gabinete de Arquitectura Paisaxística dos profesores Francisco Caldeira Cabral e Elsa Severino, ás empresas patrocinadoras, á Cámara de Ponte de Lima, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino polo financiamento das obras e aos propietarios dos terreos polos acordos asinados co Concello. A todos e todas, moitas grazas.



A realización anual do Festival Internacional de Xardíns vains permitir tamén elaborar unha programación cultural e artística en paralelo a súa celebración, divulgar entre veciños e veciñas e visitantes o magnífico patrimonio ambiental do noso Concello.

Allariz dá un paso máis na asociación do seu nome aos valores do patrimonio medioambiental e avanza na concreción do obxectivo da Reserva da Biosfera: facer realidade a conservación de espazos privilexiados para o home e a natureza.

## SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE PRAZAS DE COMEDOR

O Pleno do Concello de Allariz aproba unha moción do Grupo Municipal do BNG solicitando a ampliación de prazas do Comedor Escolar.

O Grupo Municipal do BNG presentou no pleno da Corporación Municipal, celebrado o 30 de xullo, unha moción que foi aprobada por unanimidade, solicitando á Xunta de Galicia a ampliación de prazas no comedor escolar do Colexio Padre Feijoo, para dar este servizo básico aos nenos e nenas que o precisan. O colexio de Allariz é dos poucos de Ourense que cada ano ven aumentando o número de alumnos en contraste coa realidade de perda de prazas noutros concellos.

Por esta razón parece lóxico que o servizo de comedor incremente o número de prazas, para cubrir a demanda existente, dado que moitas familias, traballando o pai e a nai, necesariamente precisan deste servizo.

O Concello de Allariz ofreceu asimismo á Consellería de Educación novos terreos para ampliar as actuais instalacións educativas de cara a cubrir as necesidades existentes en infantil e primaria.



## 100.000 M<sup>2</sup> DE SOLO INDUSTRIAL NA NOVA AMPLIACIÓN DE CHORENTE

Rematadas as obras de ampliación da 3ª Fase do Parque Empresarial de Chorente, o Concello de Allariz dispón dunha importante oferta de solo industrial para novos proxectos empresariais no noso concello.

Con esta nova ampliación, o Concello de Allariz consolida o **Parque Empresarial de Chorente con aproximadamente 500.000 m<sup>2</sup> de solo industrial, ubicados estratéxicamente no entorno da autovía A52 e da estrada N525.**

A oferta de solo industrial estase a comercializar nun **prezo moi competitivo de 45€/m<sup>2</sup>.**

O Concello de Allariz investiu nesta obra os fondos estatais para o fomento do emprego do exercicio 2009 por importe de 974.497 €.

Da superficie industrial, xa foron adxudicadas mediante subasta ou permuta 32.868m<sup>2</sup> para novos proxectos industriais como Maquinor S.A., Rodamientos Conde, Teicaga, Construcións Antonio Álvarez, Hnos. Fernández ou SMC Ibérica.

Nos próximos meses, o **Concello continuará coa súa política de fomento de instalación de novas empresas, para facer da actividade industrial un eixo do desenvolvemento económico municipal**, aproveitando as boas condicións de prezo (45 €/m<sup>2</sup>), a boa ubicación do Parque Empresarial e o alto número de empresas xa instaladas.



3ª Fase do Parque Empresarial de Chorente xunto a Autovía A-52

## BENESTAR SOCIAL DURANTE O VERÁN

Durante os meses de verán, a área de Benestar desenvolve unha programación variada de actividades, co obxectivo de ofertar recursos de lecer e formativos, adaptados ás preferencias e necesidades dos nosos veciños e veciñas.

Con máis de noventa inscricións no **Fogar dos Maiores**, as persoas que **asisten aos cursos poden mellorar o manexo do móbil, practicar iogalates, ximnasia terapéutica, facer andainas ou aprender a cociñar de maneira saudable.** Tamén poden afondar en temáticas de igualdade, participando a través da radio municipal, na I Escola de Verán do Concello de Allariz: "feminismo para principiantes".

Asemade, un ano máis os **alumnos e alumnas dos cursos de natación das nosas parroquias saíron de excursión para cumprir coa cita de Samil**, aproveitando unha xornada de andainas, baños no mar, comida campestre e partidas de cartas. Coa mesma actividade, pechou o curso a asociación "Puzzle", beneficiaria do proxecto do **Centro Ocupacional Municipal** para a atención das persoas con discapacidade, que viaxou ata os areais de O Grove para gozar dun día de praia e paseo en catamarán pola Ría de Arousa.

A oferta de actividades para os meses de xullo e agosto complementábase co programa **Concilia Verán**, un recurso de lecer e para a conciliación da vida familiar e laboral, que atende a máis de 60 nenos e nenas en idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, que se benefician dunha ampla oferta de actividades de ocio e tempo libre, grazas a coordinación entre as áreas de Cultura, Servizos Sociais, Novas Tecnoloxías e Medio Ambiente.



Programa Concilia Verán



A Asociación Puzzle celebra o fin de curso cunha viaxe